Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 87 ano 14 marzo-abril 2020

DA NOTA AO *MUMDUM* NO SÉCULO XV



Coa obra lexisladora do rei **Afonso X**, do mesmo xeito que o notariado, a redacción do documento regulaméntase tamén, quedando suxeita a súa elaboración a uns **formularios** case fixos que todo escribán debe coñecer e saber utilizar. No *Espéculo* atópanse formularios resumidos de diversos tipos documentais. Será tamén no *Espéculo* onde se regula a **nota**, considerada como documento matriz; queda, por tanto, clara a súa función, que é a de servir de memoria dos documentos escriturados que se puidesen perder ou romper como garantía de **proba xurídica**.

O proceso documental pasa por varias fases; nun primeiro momento redáctase a nota, que é un breve apuntamento que o notario recolle no momento en que se produce o acto que orixina o documento. Sobre esta nota elabórase a **minuta**, que sería unha redacción formularia da nota, é dicir, aos datos básicos que o notario recolleu engádenselle cláusulas propias do documento, nalgúns casos abreviadas cun etcétera, e fanse as correccións pertinentes. O documento resultante é practicamente igual ao *mundum*, aínda que sen subscrición na maioría dos casos, e rexístrase como **matriz** documental nos seus libros. As notas debían gardarse para o caso de que os interesados solicitasen a expedición do documento, que debía sinalarse na nota como *feita e dada* se se producía.

Estas minutas son recollidas e conservadas nuns **rexistros** que os notarios han de gardar e pasar ao seu herdeiro no cargo. Habería catro **tipos de notas**: as enunciativas –nas que só se fai referencia ao contido documental–, as breves, as extensas –nas que a disposición adoita ir enteira e as outras cláusulas poden ir etceteradas–, e por último as literais, moi semellantes ao *mundum*.

1488, abril, 23. Ourense.
O cabido da catedral de Ourense afora a Lois das Seixas, veciño de Ourense, e a oito voces, unhas casas que están entre A Barreira e A Fonteiña, por corenta e tres marabedís vellos por san Martín.
Orixinal; escritura cortesá; galego; perg. 320 x 410 mm.
AHPOu, Vilanova de Arroxo, C.13364, nº 8

Diferenzas entre a nota e o *mundum*

O ***mundum*** sería a redacción definitiva do acto xurídico. O notario redacta o documento completo, con todas as cláusulas e sen etceteracións, a partir da matriz do **libro de notas** e entrégao ao interesado. Predomina a documentación de tipo económico asociada a contratos e transaccións, entre a que destacan os **foros** como a tipoloxía máis abundante, sendo o contrato por excelencia para xestionar o patrimonio.

Neste foro outorgado polo cabido da catedral de Ourense e realizado polo notario **Juan de Ramuín**, pode verse como é o final do proceso de redacción do documento. Se o comparamos coa súa matriz ou nota que se conserva no Arquivo Catedralicio de Ourense no libro 5 do devandito notario, pódese observar como no *mundum* os interliñados aparecen integrados no seu lugar correspondente no texto, cámbianse algunhas letras e mesmo algunhas palabras, hai **abreviaturas** que se desenvolven, pero o cambio fundamental é que se engade o signo e a sinatura.

O **signo** é a marca persoal utilizada polo notario para validar as escrituras que autorizaba. A **sinatura**, a rúbrica e o signo representaban o trazo externo definidor do carácter de instrumento público dunha escritura. Xa o *Espéculo* e as *Partidas* especificaban: "e después que la carta ffuere ffecha, deue ffazer ssu ssennal en ella porque ssea ssabido que la ffizo", razón pola que cada notario tiña o seu signo. Os signos eclesiásticos adoitan ter un número maior de elementos sacros e unha **ornamentación** máis recargada, fronte a unha simplicidade maior dos notarios públicos, de número ou reais .

O signo de Juan de Ramuín, como **notario apostólico**, vai sobre unha peaña coroado por unha cruz grega que representa a Igrexa de Cristo, cun elemento característico dos notarios apostólicos, as **chaves de san Pedro**, indicativo da dignidade apostólica. Ao pé da peaña aparece o nome e categoría do notario, que no caso de Ramuín evoluciona ao intitularse nun primeiro momento só co nome e o cargo de notario apostólico e engadíndose máis tarde o cargo de cóengo.

Cambios na estrutura documental no século XV

A regulación que se vai aplicar nos séculos XIV e XV, tanto aos escribáns como aos documentos, transformará a redacción destes últimos, e o documento tende a deixar características de períodos anteriores baixo a influencia destas novas lexislacións. Nesta época vai predominar o uso do **papel** como materia escritoria e o **romance** como lingua, o que vai orixinar unha multiplicación dos documentos, aínda que non se elimine totalmente o **pergamiño**, como é caso do exemplo elixido, nin o uso do **latín,** que adoita reservarse para documentos de carácter eclesiástico ou para algunha fórmula que se introduce na redacción.

No **protocolo inicial** as invocacións relixiosas utilízanse en menos documentos, quedando reservadas para os eclesiásticos, os redactados en latín e os testamentos sobre todo, aínda que non se descarta de forma esporádica nalgún outro. O comezo máis frecuente é "*Sabean*" seguido dos nomes dos **outorgantes** e veciñanza. Na parte expositiva, o texto iníciase coa **cualificación xurídica** do documento (*aforo, vendo*...) para a continuación describir o **obxecto** do documento que no caso de ser bens raíces adoitan detallarse minuciosamente indicando a situación de lindeiros e pertenzas.



Signo de Juan de Ramuín, notario apostólico da Catedral de Ourense. AHPOu, Vilanova de Arroxo C. 13364, nº 8

A **parte dispositiva** depende do acto que se documenta e é un elemento que sempre vai aparecer: "*...por tal preito e condiçon que labredes ... E daredes e pagaredes en cada vn anno...*". Para garantir o cumprimento da acción xurídica introdúcense varios tipos de **cláusulas** como son as de sanción, as renunciativas de leis que poidan obstaculizar o cumprimento "*... e renunçio sobre elo toda lei d' enganno...*"; as de obrigación nas que se obrigan as persoas e os bens para o cumprimento do pactado "*... e obrigo a min e a todos meus bees mobeles e rayzes, avidos e por auer, ...*"; e as penais, concretando as multas "*... E hei posta pena hontre nosas ditas partes ...*".

Por último, o protocolo final ou **escatocolo** compónse de varios elementos: a data, que nalgunhas ocasións pasa a encabezar o documento, a corroboración por parte do notario para garantir o pactado e a mención das testemuñas, e termínase co signo e a sinatura.

Texto: María José Losada Meléndez, D.L. O 67/2006; ISSN 2659-3491
Arquivo Histórico Provincial de Ourense, arq.prov.ourense@xunta.es

XUNTA DE GALICIA galicia Xacobeo 2021